

EXPOSICIÓN

MULLERES BAI XO SOSPEITA
MEMORIA E SEXUALIDADE (1930-1980)

Do 28 de outubro ao 30 de novembro de 2013
Casa das Artes, Vigo
Policarpo Sanz, 15

HORARIO

Luns a venres de 18.00 a 21.00 h
Sábados de 12.00 a 14.00 h e de 18.00 a 21.00 h
Domingos e festivos de 12.00 a 14.00 h



<http://www.facebook.com/mujeresbajosospecha>



Unidade de Igualdade
Universidade de Vigo

CONCELLO
DE VIGO



Vivimos nunha cidade fermosa



www.igualdadevigo.org

CONCELLO
DE VIGO



MULLERES BAI XO SOSPEITA
MEMORIA E SEXUALIDADE (1930-1980)

CASA DAS ARTES, VIGO
DO 28 DE OUTUBRO AO 30 DE NOVEMBRO

Vivimos nunha cidade fermosa



María Telo Núñez (no centro), colocando en Cantalpino, Salamanca, un cartel feminista, coas súas amigas Goy e Pilar Alonso cara 1936.

CORTESÍA DE TATIANA SENTAMANS

A sexualidade das mulleres entre 1930 e 1980 é o tema que guía esta exposición. A través dos obxectos e documentos que estiveron preto da vida das persoas, márcase un percorrido temático e non lineal entre o íntimo e o público, o popular e as elites, o anónimo e os/as personaxes con nome e apelidos. Un mosaico inacabado cunhas protagonistas: as mulleres postas baixo sospeita durante a ditadura franquista, que malia estaren duramente reprimidas ou aburridamente conformadas, en ocasións atoparon espazos nos que se expresaren con voz de seu.

Na ditadura franquista esixíuselles ás mulleres un exceso de virtude, encarnar un modelo de decencia e castidade que “limpara” a “degradación moral” republicana. Durante este período acadáronse aspiracións de emancipación fundamentais: o acceso á educación, ao traballo, ao voto ou ao divorcio. As mulleres comezaron a destilar modernidade.

Catalogadas como individuos de dubidosa moral, o seu acceso á cidadanía castigouse exemplarmente durante a ditadura a través do cárcere, violencia, exilio, silencio ou uniformidade. Monxas e falanxistas da Sección Feminina trataron de domesticar as mulleres para axustalas ao modelo de nais e esposas sacrificadas. As súas armas, o nacionalcatolicismo e a férrea disciplina imposta nos corpos. A publicidade, a moda ou o espectáculo encamiñáronse á construción de mulleres decentes.

Non sempre se conseguiu e polos intersticios dunha cultura pretendidamente monolítica xurdiron ideas imprevistas e reinterpretacións imaxinativas: algunhas disidentes sexuais crearon espazos de liberdade. Ao final da ditadura e coa transición democrática emerxeron correntes feministas e de liberdade sexual. Política e sexo empezábanse a manifestar publicamente a través das voces das mulleres.

Raquel Osborne e María Rosón, comisarias